

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

13780 *Real decreto 1112/2015, do 11 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.*

O organismo público Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Anaca), coa natureza de organismo autónomo establecida no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, foi creado polo artigo 8 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, procedente da conversión da Fundación Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación en organismo público, en desenvolvemento das medidas recollidas no informe do 21 de xuño de 2013 da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (CORA), que foron adoptadas polo Consello de Ministros mediante acordo publicado pola Orde HAP/1816/2013, do 2 de outubro.

Do mesmo modo, o artigo 7 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, modifica o artigo 32 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, para integrar a Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI) na Anaca, medida prevista tamén no informe CORA. A Anaca realiza actividades de avaliación, certificación e acreditación do noso sistema universitario co fin da súa mellora continua e adaptación ao desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior; ten programas de avaliación de ensinanza, institucións e profesorado universitario, e dispón de programas de acreditación nacional de profesorado universitario. Por outro lado, a CNAAI realiza a avaliación da actividade investigadora dos profesores universitarios e do persoal das escalas científicas, a través dos seus comités asesores formados por expertos.

A Lei 15/2014, do 16 de setembro, indica no seu preámbulo que, no ámbito educativo, se concentran nun único organismo todas as funcións de avaliación e acreditación do profesorado universitario, que até agora viñan desenvolvendo a Fundación Anaca e a CNAAI.

A Anaca estará adscrita ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través da Secretaría Xeral de Universidades; as súas funcións están definidas nos artigos 32, 50, 52, 69, 72 e 86 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Por outra parte, o artigo 8.5 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, sinala que o organismo autónomo Anaca deberá entrar en funcionamento efectivo no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, logo da aprobación dos seus estatutos e logo da extinción da Fundación Anaca.

O Estatuto do organismo autónomo Anaca que aproba este real decreto está dividido en sete capítulos: o capítulo I contén as disposicións xerais, o capítulo II regula os obxectivos e principios de actuación, o capítulo III establece a estrutura orgánica do organismo e regula as funcións e o funcionamento dos seus órganos, e os capítulos IV a VII regulan o réxime económico-financeiro, o réxime patrimonial, o réxime do persoal e o réxime xurídico.

O real decreto, por último, ademais do seu obxecto principal, modifica o Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario; o Real decreto 1677/2009, do 13 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Universidades; o Real decreto 257/2012, do 27 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e o Estatuto do organismo autónomo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (Sepie), aprobado polo Real decreto 903/2007, do 6 de xullo.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Educación, Cultura e Deporte e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto do organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.*

De conformidade co establecido no artigo 8.3 e 5 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, apróbase o Estatuto do organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Integración da actividade e dos recursos humanos e materiais da Fundación Anaca e da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI).*

1. Incorpórase como persoal da Anaca o que figure, na data da súa entrada en funcionamento efectivo, no cadro de persoal da Fundación Anaca, cos mesmos dereitos e obrigacións que teñan no momento da súa integración.

2. De conformidade co establecido no artigo 32.1, parágrafo segundo, da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, a Anaca asumirá as funcións de avaliación da actividade investigadora previstas no Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario.

3. En todo caso, a incorporación do persoal procedente da Fundación Anaca realizarase, no seu momento, coa condición de «a extinguir» e sen que, en ningún caso, este persoal adquira a condición de empregado público. Unicamente poderá adquirir a condición de empregado público mediante a superación das probas selectivas que, se for o caso, poida convocar a Administración pública á cal se incorpora, nos termos e de acordo cos principios contidos no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Disposición adicional segunda. *Referencias normativas.*

As referencias que se realicen á Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI) na normativa vixente no momento de aprobación deste real decreto entenderanse realizadas ao organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Anaca).

As referencias que se fagan na normativa vixente no momento de aprobación deste real decreto ao Pleno da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI) entenderanse realizadas á Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI) da Anaca regulada neste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

A creación da Anaca non implicará incremento no gasto público con respecto á supresión da Fundación Anaca. En ningún caso poderá supor incremento neto de estrutura ou de persoal e dotarase, exclusivamente, mediante a correspondente redistribución de efectivos.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Mentres non entren en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de

réxime xurídico do sector público, serán de aplicación as disposicións que correspondan da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aos supostos nos cales este real decreto e o estatuto fan referencia ás anteriores.

Disposición adicional quinta. *Coordinación co Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.*

A Secretaría Xeral de Universidades procurará que a actividade da Anaca atenda adecuadamente as necesidades do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación e promoverá a participación da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación nos órganos de asesoramento e avaliación e, en particular, na CNAAI.

Disposición transitoria primeira. *Comezo de actividades e permanencia de órganos de goberno e cargos directivos e da organización da Fundación Anaca.*

1. O comezo de actividades do organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (en diante, Anaca) producirase coa súa entrada en funcionamento efectivo o mesmo día en que entre en vigor a lei que aprobe os seus primeiros orzamentos, logo da extinción da Fundación Anaca, excepto para a realización de todas aquelas accións preparatorias da constitución dos órganos colexiados regulados neste real decreto, que se poderán comezar a realizar a partir do día seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto.

2. A partir do comezo de actividades, a Anaca subrogarase na totalidade dos bens, dereitos e obrigacións de que fosen titulares a Fundación Anaca e a CNAAI, pasará a exercer as funcións a que se refire o artigo 6 do seu estatuto e sucederá nesas funcións a extinta Fundación e a CNAAI.

3. Os órganos e as unidades da Fundación Anaca e da CNAAI continuarán no desempeño das súas funcións mentres non sexan obxecto de constitución os órganos a que se fai referencia no Estatuto da Anaca.

En canto non se produza o nomeamento do director da Anaca, desempeñará as competencias a el atribuídas o director da Fundación Anaca. Igualmente, manteranse nas súas funcións como directivos do organismo autónomo Anaca os que teñan esa clasificación na Fundación Anaca, mentres non se produza o nomeamento dos novos cargos a que se refire o artigo 16.k) do seu estatuto.

4. Os postos de traballo da Fundación Anaca adscribiranse provisionalmente aos órganos regulados no estatuto aprobado por este real decreto en función das atribucións que teñan asignadas, mediante resolución do subsecretario de Educación, Cultura e Deporte, até que entre en vigor a nova relación de postos de traballo da Anaca.

Disposición transitoria segunda. *Programas e procedementos iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto.*

1. Os programas que levaba a cabo a Fundación Anaca continuarán mentres non se modifique a súa normativa.

2. As solicitudes presentadas antes da entrada en vigor deste real decreto resolveranse de acordo coas previsións vixentes no momento da súa presentación.

Os solicitantes con expedientes iniciados e non finalizados antes da entrada en vigor deste real decreto poderán desistir do procedemento e solicitar a avaliación conforme as novas previsións.

3. Até a entrada en vigor da nova normativa que regule os procedementos e criterios de avaliación da actividade investigadora polos que se rexía a actuación da CNAAI seguiranse aplicando os recollidos na normativa actual.

Disposición transitoria terceira. *Pagamento de asistencias.*

Mentres o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas non autoriza as asistencias pola concorrencia a reunións dos órganos colexiados de avaliación que formen parte do novo organismo autónomo Anaca, serán de aplicación as asistencias que fosen aprobadas polos órganos da extinta Fundación Anaca, sen prexuízo dos límites establecidos no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario.*

O Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, modifícase nos seguintes termos.

Un. O punto 2 do número 4 do artigo 2 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Esta avaliación efectuaráa unha comisión nacional integrada na Anaca e composta por representantes do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e das comunidades autónomas, a cal poderá solicitar, oída a Comisión Permanente do Consello de Universidades, o oportuno asesoramento de membros relevantes da comunidade científica nacional e internacional cuxa especialidade se corresponda coa área investigadora dos solicitantes, articulados en comités asesores por campos científicos.»

Dous. O punto 6 do número 5 do artigo 2 queda redactado da seguinte maneira:

«6. As avaliacións por cada universidade realizaranse unha soa vez ao ano, para este efecto os interesados formularán as súas solicitudes antes do día 31 de decembro do ano en que se cumpra o pertinente período que se vai avaliar. Se for o caso, os correspondentes efectos económicos iniciaránse o 1 de xaneiro do ano seguinte aínda cando a avaliación se efectúe con posterioridade á dita data.

As avaliacións por parte da Comisión Nacional realizaranse unha soa vez ao ano. A data de presentación de solicitudes de avaliación incluírase na convocatoria anual que dite a Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades. Os efectos económicos que correspondan iniciaránse o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se realizase a convocatoria, aínda cando a avaliación se efectúe con posterioridade á dita data.»

Tres. Suprímese o punto 7 do número 5 do artigo 2.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1677/2009, do 13 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Universidades.*

O Real decreto 1677/2009, do 13 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Universidades, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 5 do artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«5. Actuará como instrutor dos procedementos de reclamación contra as resolucións das comisións de acreditación, dispostos no artigo 16 do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, o titular da subdirección xeral á cal o real decreto de estrutura do departamento competente en materia de universidades atribúa as funcións en materia de acreditación de profesorado universitario.»

Dous. Suprímese o número 6 do artigo 11.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 257/2012, do 27 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.*

O Real decreto 257/2012, do 27 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, modifícase nos seguintes termos.

Un. O artigo 2.1.b) queda redactado da seguinte maneira:

«O organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Anaca) e o organismo autónomo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (Sepie) adscribíense ao Ministerio a través da Secretaría Xeral de Universidades.»

Dous. Suprímese o número 3 do artigo 5.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Estatuto do organismo autónomo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (Sepie), aprobado polo Real decreto 903/2007, do 6 de xullo.*

Modifícase o número 1 do artigo 10 do Estatuto do organismo autónomo Servizo Español para a Internacionalización da Educación, que queda redactado como segue:

«1. A Vicepresidencia do organismo corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Política Universitaria.»

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento e aplicación.*

1. Facúltase o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

2. A creación de novos órganos colexiados e a modificación ou supresión dos existentes realizarase por proposta do director da Anaca mediante orde da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, coas formalidades e requisitos establecidos nos artigos 38 a 40 e 67.4 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o estatuto que aproba entrarán en vigor o mesmo día que entre en vigor a Lei de orzamentos xerais do Estado en que se aprobe o orzamento do organismo autónomo Anaca, excepto para a realización de todas aquelas accións preparatorias da constitución dos órganos colexiados regulados neste real decreto, que se poderán comezar a realizar a partir do día seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto.

Dado en Madrid o 11 de decembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ANEXO

Estatuto do organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Anaca)

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza, réxime xurídico e adscrición.*

1. O organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Anaca), creado polo artigo 8 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público estatal e outras medidas de reforma administrativa, é un organismo autónomo dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, ao cal lle corresponderán as funcións previstas no artigo 32 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e calquera outra que lle outorgue a súa normativa de desenvolvemento.

A Anaca está adscrita ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través da Secretaría Xeral de Universidades ou, se for o caso, do órgano superior ou directivo do ministerio que teña encomendada a responsabilidade en materia de universidades.

2. A Anaca ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, plena capacidade xurídica e de obrar, e exercerá as súas competencias con plena independencia funcional.

3. A Anaca rexerese polo disposto na Lei 15/2014, do 16 de setembro, e no presente estatuto, e polo resto do ordenamento xurídico que lle resulte de aplicación.

En particular, rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; polo disposto, en canto resulte de aplicación, na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro. No exercicio das súas funcións públicas, a Anaca actuará de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; tamén se rexerá polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e, en xeral, polas normas que desenvolvan as disposicións citadas e por aquelas outras que resulten de aplicación.

4. A Anaca desenvolverá a súa actividade de acordo cos principios de legalidade e seguridade xurídica, competencia técnica e científica, obxectividade, independencia e transparencia, desenvolvidos no artigo 7 deste estatuto, atendendo aos criterios de actuación usuais para estas institucións no Espazo Europeo de Educación Superior e, en xeral, en todo o ámbito internacional, asegurando e promovendo o recoñecemento da educación superior de España no ámbito internacional.

Artigo 2. *Independencia funcional.*

1. No exercicio das súas funcións e para o cumprimento dos fins que lle foron asignados, a Anaca actúa con plena independencia funcional. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou, se for o caso, o ministerio competente en materia de universidades exercerá, respecto da Anaca, as facultades que lle atribúa a normativa vixente, con estrito respecto ao seu ámbito de autonomía.

2. Sen prexuízo da colaboración con outros órganos e das facultades de dirección estratéxica, avaliación e control dos resultados da súa actividade polo órgano a que estea adscrita a Anaca, recollidas no artigo 98.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, nin o persoal nin os membros dos órganos da Anaca poderán aceptar nin solicitar, no desempeño das súas funcións, instrucións de ningunha entidade pública ou privada.

Artigo 3. Obxecto.

O obxecto da Anaca é a promoción e o aseguramento da calidade do Sistema de educación superior en España mediante procesos de orientación, avaliación, certificación e acreditación, contribuíndo ao desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior, así como contribuír á información e á transparencia fronte á sociedade, de acordo co establecido nos artigos 31 e 32 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e calquera outra que lle sexa de aplicación.

Artigo 4. Potestades administrativas.

Corresponde á Anaca, dentro do ámbito das súas competencias, o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento dos seus programas, nos termos establecidos no presente estatuto e de acordo coa lexislación aplicable.

Estas potestades poderanse igualmente coordinar a través de instrumentos de colaboración con organismos nacionais e internacionais, públicos e privados.

CAPÍTULO II**Obxectivos e principios de actuación****Artigo 5. Obxectivos.**

1. Dentro do seu ámbito de competencias e de acordo co establecido no presente estatuto, a actividade da Anaca diríxese á promoción e ao aseguramento da calidade no ensino superior, e moi particularmente das universidades españolas, tanto no contexto nacional como no internacional, e ten como obxectivos os descritos no artigo 31 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

2. A Anaca impulsará, xunto aos órganos de avaliación creados por lei das comunidades autónomas, a adopción de criterios de garantía de calidade conforme estándares internacionais, nos seus respectivos ámbitos de competencias. Para tal fin, promoverá o establecemento de mecanismos de cooperación e recoñecemento mutuo entre axencias, de acordo co establecido no artigo 31.2 e 3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

Artigo 6. Funcións.

1. No seu ámbito de competencias, corresponden á Anaca, utilizando protocolos e criterios de avaliación de referencia internacional, as funcións de orientación, avaliación, certificación e acreditación:

a) Das ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

b) Dos méritos dos aspirantes aos corpos docentes e ao profesorado contratado das universidades.

c) Das actividades docentes, investigadoras, de transferencia de coñecemento e de xestión, do persoal docente e investigador das universidades e do persoal investigador funcionario de carreira dos organismos públicos de investigación, que poidan xerar complementos retributivos, de acordo co previsto no Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, e na Lei 14/2011 da ciencia, a tecnoloxía e a investigación, e demais normativa vixente, así como co que se poida establecer na normativa autonómica, cando corresponda.

d) Das institucións e dos centros universitarios.

e) Das actividades, plans de desenvolvemento de titulacións, programas, servizos e xestión dos centros e institucións de educación superior, así como dos centros de

educación superior que impartan ensinanzas en España conforme sistemas educativos estranxeiros ou centros universitarios españois no estranxeiro.

f) Dos títulos universitarios estranxeiros, a través de procedementos de homologación, recoñecemento de equivalencias a títulos universitarios españois ou validacións, nos termos que se determinen regulamentariamente.

g) Da correspondencia aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) dos títulos universitarios nacionais anteriores ao Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, nos termos que se determinen regulamentariamente.

2. No seu ámbito de competencias, corresponden, así mesmo, á Anaca:

a) A realización, edición e difusión de estudos e prospectiva en materia de orientación, avaliación, certificación e acreditación das universidades españolas, actuando como observatorio da calidade do sistema español de universidades, en colaboración coas comunidades autónomas e con outros organismos con funcións análogas.

b) A promoción, avaliación e certificación dos sistemas de garantía internos de calidade das universidades e dos seus centros.

c) A formación de avaliadores e técnicos en garantía de calidade.

d) A investigación sobre temas relativos á calidade do ensino superior, a difusión de experiencias e proxectos, así como a realización de programas de capacitación, cando así se requira, a outras axencias ou órganos de avaliación.

e) A achega de oportuna información e asesoramento aos consellos sociais das universidades públicas españolas cando sexa requirida para isto, así como a outras institucións ou axentes de interese do sistema universitario.

f) A execución das políticas públicas que lle atribúa a normativa vixente, ou que lle sexan encomendadas ou nos convenios formalizados, para estes efectos, con outras administracións, departamentos ou organismos.

g) Outras actividades e programas que se poidan realizar co obxecto de fomentar a calidade das actividades académicas por parte das universidades e restantes administracións públicas.

h) As restantes funcións que lle atribúan a lei, este estatuto e o resto da normativa vixente ou que lle sexan encomendadas, dentro do seu obxecto e do seu ámbito de competencias.

3. As funcións de orientación, avaliación, acreditación e certificación da Anaca articularanse a través do xuízo de expertos, de acordo co establecido neste estatuto e na normativa correspondente a cada programa.

4. Para o desenvolvemento efectivo das funcións sinaladas, a Anaca poderá:

a) Establecer convenios, acordos e contratos con institucións e organismos públicos, universidades e entidades privadas que realicen actividades nos ámbitos funcionais propios da Anaca.

b) Formalizar os negocios xurídicos con entidades públicas e privadas ou con persoas físicas que resulten necesarios para obter os ingresos que permitan financiar as actividades que se requiran.

c) Promover a edición de publicacións e a organización de actividades de carácter científico de ámbito nacional e internacional.

d) Representar, cando proceda, a Administración xeral do Estado ante os órganos e organismos de ámbito nacional e internacional nas materias de competencia da Anaca.

e) Impulsar a cooperación nas áreas da súa competencia coas comunidades autónomas.

f) Desenvolver programas e actividades de cooperación internacional nas áreas da súa competencia.

Artigo 7. *Principios de actuación.*

1. A Anaca respectará na súa actuación os principios de servizo aos intereses xerais, eficacia e servizo ao cidadán, así como de legalidade e seguridade xurídica, atendendo aos criterios de actuación usuais destas institucións no ámbito internacional, colaborando para a consecución dos maiores niveis de calidade do sistema español de educación superior; de conformidade co disposto no artigo 1.4 deste estatuto, desenvolverá a súa actividade de acordo cos principios seguintes:

a) Principio de competencia técnica e científica que garanta que o persoal, grupos ou entidades que desenvolven materialmente as actividades de orientación, avaliación, acreditación e certificación posúan as capacidades técnicas, científicas e materiais necesarias para a consecución dos fins que a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e o resto de normativa que lle sexa de aplicación establezan para a Anaca.

b) Principio de independencia de actuación, criterio, ditame e xuízo na realización de todas as súas actividades, garantindo así que leva a cabo as súas funcións de acordo con criterios técnico-científicos e de xestión, preestablecidos e públicos, con absoluta imparcialidade.

c) Principios de transparencia e participación, entendidos respectivamente como a rendición de contas aos cidadáns e como o compromiso de consulta e participación dos interesados no desenvolvemento dos seus traballos, informando dos principios, procedementos e criterios de avaliación vixentes en cada momento.

d) Principio de ética profesional e responsabilidade pública, entendido como o compromiso do persoal da Anaca e dos expertos que colaboren con ela de observar na súa actuación os valores contidos no código ético da Anaca, así como nas normas de conduta aplicables aos empregados públicos da Administración xeral do Estado.

e) Principios de autonomía e responsabilidade, entendidos respectivamente como a capacidade da Anaca de xestionar con autonomía os medios postos ao seu dispor para alcanzar os obxectivos comprometidos e como a súa disposición a asumir as consecuencias dos resultados alcanzados.

f) Principios de cooperación interadministrativa e participación institucional, entendidos respectivamente como a disposición activa a colaborar con outras administracións e institucións.

g) Principio de calidade e mellora continua, entendido como o compromiso sistemático coa autoavaliación e a utilización de modelos de excelencia que permitan establecer áreas de mellora e prestar os seus servizos de forma innovadora, asegurando a utilización de criterios e procesos de garantía de calidade interna.

h) Principios, disposicións e boas prácticas establecidas no Espazo Europeo de Educación Superior para a orientación, avaliación, acreditación e certificación das actividades do servizo público de educación superior, así como os principios xerais, directrices e criterios internacionalmente admitidos, dirixidos todos eles a mellorar os procesos de garantía externa de calidade, para o cal se integrará nas redes internacionais existentes e establecerá os oportunos mecanismos de cooperación para o efecto.

i) Principios de igualdade de xénero e non discriminación.

2. A Anaca debe instrumentar as oportunas medidas para dar cumprimento aos principios recollidos no número anterior e para que poida ser recoñecida pola comunidade académica e pola sociedade en xeral como unha institución accesible e eficiente no exercicio das súas funcións; todo isto se concretará mediante un sistema de garantía interna de calidade apoiado externamente con validez internacional, que vinculará tanto o persoal da Anaca como os axentes externos que colaboren con ela.

CAPÍTULO III

Estrutura orgánica*Sección 1.ª Disposicións xerais*Artigo 8. *Órganos da Anaca.*

A Anaca estrutúrase nos seguintes órganos:

1. Órganos de goberno e dirección:
 - a) O Consello Reitor.
 - b) O director.
2. Órganos de asesoramento e avaliación:
 - a) Comisión de Asesoramento para a Avaliación de Ensinanzas e Institucións.
 - b) Comisión de Asesoramento para a Avaliación do Profesorado.
 - c) Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI).
3. Órganos de xestión:
 - a) Xerencia.
 - b) División de Avaliación de Ensinanzas e Institucións.
 - c) División de Avaliación do Profesorado.

*Sección 2.ª O Consello Reitor*Artigo 9. *O Consello Reitor.*

O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno, ao cal lle corresponde o control e seguimento das actividades da Anaca, así como manter informado delas os diferentes grupos de interese da educación superior, de acordo con este estatuto e coa restante normativa vixente.

Artigo 10. *Réxime xurídico do Consello Reitor.*

O Consello Reitor é un órgano colexiado cuxo réxime xurídico se axusta ás normas contidas na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 11. *Composición do Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor terá nove membros, coa seguinte composición:
 - a) A persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou, se for o caso, do órgano superior ou directivo cuxas competencias se desenvolvan no ámbito universitario, que será o seu presidente.
 - b) A persoa titular da Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que será o seu vicepresidente.
 - c) Un representante da Administración autonómica con responsabilidade no ensino universitario, designado pola Conferencia Xeral de Política Universitaria, que pertencerá necesariamente a unha das comunidades autónomas en que a Anaca é o órgano de avaliación externa en materia de universidades. Este representante deberá ter, ao menos, rango de director xeral.
 - d) Dous reitores de universidades, designados pola Conferencia de Reitores das Universidades Españolas de entre os seus membros, dos cales un pertencerá a unha universidade dunha comunidade autónoma en que a Anaca sexa o órgano de avaliación

externa en materia de universidades, e o outro pertencerá a unha universidade privada ou da igrexa católica.

e) Un estudante, que será a persoa titular da Vicepresidencia correspondente do Consello de Estudantes Universitarios do Estado.

f) Un representante dos consellos sociais, designado de entre os seus membros pola Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.

g) Un representante sindical do persoal docente e investigador das universidades, designado pola organización sindical e profesional máis representativa da Mesa Sectorial de Universidades.

h) Un representante da Confederación Española de Organizacións Empresariais, designado por esta.

2. Os vogais nomeados por designación persoal serán por un período de dous anos, e poderán permanecer dous períodos consecutivos como máximo. Os vogais que o sexan por razón do cargo que ocupan cesarán na representación cando cesen nel.

3. A substitución do presidente realizaraa o vicepresidente, quen exercerá as funcións del en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

4. Actuará como secretario do Consello Reitor o director da Anaca, quen terá voz pero non voto nas deliberacións.

Artigo 12. *Funcións do Consello Reitor.*

1. Corresponde ao Consello Reitor:

a) Supervisar a xestión desenvolvida pola Anaca, sen prexuízo das competencias do ministerio competente en materia de universidades.

b) Aprobar as contas anuais da Anaca por proposta do seu director.

c) Nomear e separar o director e prorrogar o seu mandato, por proposta do presidente do Consello Reitor.

d) Aprobar, por proposta do director, un código ético para o persoal e os avaliadores que colaboren coa Anaca.

e) Aprobar, por proposta do director, os criterios e o procedemento de selección dos membros das comisións de asesoramento para a avaliación de ensinanza e institucións, e de profesorado.

f) Calquera outra tarefa que lle sexa directamente encomendada polo ministerio responsable e aquelas funcións que lle atribúan este estatuto e a restante normativa vixente.

2. O Consello será informado polo director da Anaca:

a) Das liñas e criterios de actuación da Anaca.

b) Dos plans e programas de carácter anual e plurianual, en particular do plan anual de obxectivos e do plan estratéxico.

c) Do estado de execución orzamentaria.

d) Do anteproxecto de orzamentos.

e) Da memoria anual de actividades.

3. O Consello Reitor non participará naquelas decisións vinculadas con informes de avaliación nin no establecemento dos criterios e metodoloxías de avaliación.

Artigo 13. *Réxime de funcionamento do Consello Reitor.*

1. O Consello reunirse ao menos dúas veces ao ano en sesión ordinaria, convocado polo seu presidente.

O presidente poderá acordar a celebración de reunións extraordinarias, por iniciativa propia ou da cuarta parte dos vogais, tantas veces como sexa necesario para o desenvolvemento das funcións que o Consello Reitor ten encomendadas.

2. O presidente, por petición de calquera dos membros do Consello Reitor ou por iniciativa propia, poderá convocar ás reunións do Consello Reitor, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, pola súa experiencia ou relevancia institucional, poidan achegar unha información relevante sobre os temas incluídos na orde do día.

Sección 3.^a O director

Artigo 14. O director.

O director é o órgano executivo unipersoal, ao cal corresponden a dirección e xestión ordinaria da Anaca e terá rango de director xeral.

Artigo 15. Nomeamento, separación e suplencia do director.

1. O director da Anaca será nomeado e separado polo Consello Reitor, por proposta do seu presidente, de conformidade co artigo 8.3 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, entre persoal funcionario de carreira pertencente a corpos ou escalas do subgrupo A1 do ámbito académico ou investigador, de recoñecido prestixio, con capacidade de xestión e organización, así como experiencia en avaliación da calidade no ámbito do sistema de educación superior e que conte, como mínimo, con tres tramos de produtividade investigadora recoñecidos pola CNAAI ou por organismos internacionais con similares competencias e características.

O nomeamento do director realizarase por un período de tres anos, prorrogable por outro período de até tres anos.

2. O director da Anaca desempeñará o seu cargo con dedicación absoluta, plena independencia e total obxectividade; non estará suxeito a mandato imperativo, nin recibirá instrucións expresas de autoridade ningunha con respecto a decisións académicas ou de avaliación.

3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do director da Anaca, asumirá as súas funcións o xerente do organismo, salvo aquelas funcións propiamente académicas para cuxo desempeño a suplencia será exercida por cada director das divisións de avaliación, nos seus respectivos ámbitos.

Artigo 16. Funcións do director.

Ao director da Anaca correspóndenlle as funcións seguintes:

- a) Desempeñar a representación da Anaca.
- b) Exercer a dirección da Anaca e do seu persoal.
- c) Programar, dirixir, coordinar e supervisar as actividades da Anaca que sexan necesarias para o desenvolvemento das súas funcións.
- d) Elaborar os plans anuais e plurianuais de actuación, en particular o plan anual de obxectivos e o plan estratéxico, así como a memoria anual de actividades e cantos documentos extraordinarios considere necesarios.
- e) Deseñar e aprobar os programas de avaliación, oídos os órganos de asesoramento correspondentes, de acordo co plan estratéxico, cos plans de actuación e coa lexislación vixente.
- f) Establecer, dentro dos obxectivos, plans e programas de acción anuais ou plurianuais, os indicadores do cumprimento dos ditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión.
- g) Elaborar o anteproxecto de orzamento anual de gastos e ingresos da Anaca, formular as súas contas anuais para a súa posterior aprobación polo Consello Reitor, e render as ditas contas anuais.
- h) Administrar o patrimonio da Anaca e garantir o seu mantemento e conservación.

- i) Aprobar os gastos e ordenar os pagamentos, así como propor as modificacións orzamentarias que sexan pertinentes, de conformidade e cos límites establecidos na normativa vixente.
- j) Ditar toda clase de actos e celebrar toda clase de actos, convenios, acordos e contratos en nome da Anaca, de conformidade e cos límites establecidos na normativa vixente.
- k) Propor ao titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o nomeamento dos directores de División, así como do xerente.
- l) Elaborar os criterios e o procedemento de selección dos membros das comisións de asesoramento para a avaliación de ensinanzas e institucións e do profesorado da Anaca, e eleválos ao Consello Reitor para a súa aprobación.
- m) Establecer os criterios para a selección e o nomeamento dos comités e comisións de avaliación, cando corresponda, oídos os órganos de asesoramento correspondentes.
- n) Nomear os membros dos órganos de asesoramento e avaliación da Anaca.
- ñ) Elaborar a proposta dun código ético para o persoal e os avaliadores que colaboren coa Anaca, que será aprobado polo Consello Reitor.
- o) Aprobar, cando corresponda, as normas de funcionamento interno e os protocolos propios da Anaca.
- p) Resolver as convocatorias de provisión de postos de traballo, cando corresponda de conformidade coa normativa aplicable.
- q) Desempeñar cantas funcións lle atribúan o presente estatuto e o Consello Reitor da Anaca, ou lle encomenden as disposicións vixentes, así como as non encomendadas expresamente aos demais órganos da Anaca.
- r) Facilitar ao Consello Reitor a información prevista no artigo 12.2 deste estatuto.

Sección 4.ª Estructura orgánica e funcional

Artigo 17. Organización administrativa da Anaca.

1. Dependerán directamente da Dirección da Anaca os seguintes órganos de xestión, con rango de subdirección xeral:

- a) A Xerencia.
- b) A División de Avaliación de Ensinanzas e Institucións.
- c) A División de Avaliación do Profesorado.

2. O xerente será nomeado entre persoal funcionario de carreira da Administración xeral do Estado, pertencente a corpos ou escalas do subgrupo A1.

Os directores de División serán nomeados entre persoal funcionario de carreira da Administración xeral do Estado, pertencente a corpos ou escalas do subgrupo A1, ou entre persoal pertencente aos corpos de profesores titulares de universidade e catedráticos de universidade.

3. A Xerencia asumirá as seguintes funcións:

- a) Administración xeral e réxime interior da Anaca.
- b) Xestión económica e orzamentaria do organismo, así como a administración patrimonial do organismo, sen prexuízo das competencias que sexan propias do director da Anaca.
- c) Xestión de recursos humanos, sen prexuízo das competencias que sexan propias do director da Anaca e, se for o caso, da Subsecretaría de Educación, Cultura e Deporte.
- d) Xestión dos servizos e recursos informáticos da Anaca.
- e) Apoio ao director nos asuntos xurídicos relacionados coa actividade propia da Anaca e a coordinación deles, así como os relativos a procedementos administrativos e contratación, sen prexuízo do asesoramento, representación e defensa en xuízo que corresponde á Avogacía do Estado.

f) Xestión da normativa interna do organismo e redacción e tramitación dos convenios e acordos nas materias competencia da Anaca.

g) Custodia dos expedientes administrativos e dos arquivos da Anaca.

h) As asignadas polo director da Anaca e calquera outra que lle poida corresponder de acordo coa normativa vixente.

4. A División de Avaliación de Ensinanzas e Institucións asumirá as seguintes funcións:

a) A xestión dos programas de avaliación de ensinanzas e institucións.

b) A emisión de informes derivados dos ditos programas.

c) A presidencia da Comisión de Asesoramento para a Avaliación de Ensinanzas e Institucións.

d) As asignadas polo director da Anaca e calquera outra que lle poida corresponder de acordo coa normativa vixente.

5. A División de Avaliación do Profesorado asumirá as seguintes funcións:

a) A xestión dos diferentes programas relacionados coa avaliación do profesorado.

b) A emisión de informes derivados dos ditos programas.

c) A presidencia da Comisión de Asesoramento para a Avaliación do Profesorado.

d) A coordinación xeral da CNAAI, para cuxos efectos deberá:

1.º) Impulsar, coordinar e axilizar as actuacións da CNAAI.

2.º) Elaborar informes relativos ás funcións e actuacións da CNAAI.

3.º) Elaborar a memoria anual de actividades da CNAAI.

4.º) Elaborar e presentar a proposta de nomeamentos dos membros dos comités asesores e, se for o caso, de expertos.

5.º) Coordinar o funcionamento dos comités asesores e, se for o caso, dos expertos, facilitando a documentación necesaria para o exercicio das súas funcións e atendendo ás incidencias que se poidan producir.

6.º) Custodiar o arquivo da CNAAI.

7.º) Calquera outra función que se lle encomende ou delegue.

e) As asignadas polo director da Anaca e calquera outra que lle poida corresponder de acordo con este estatuto e co resto da normativa vixente.

Dependerán administrativamente da División de Avaliación do Profesorado as comisións de acreditación e as comisións de revisión para o acceso aos corpos docentes universitarios, que se regulan no Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios, así como os procesos de avaliación e certificación para a contratación de persoal docente universitario regulados no Real decreto 1052/2002, do 11 de outubro.

6. Cada unidade administrativa deberá dispor de indicadores de calidade e de control da súa xestión e resultados.

Sección 5.ª Órganos de asesoramento e avaliación

Artigo 18. Comisións.

1. A Anaca contará coas seguintes comisións de avaliación:

a) Comisión de Asesoramento para a Avaliación de Ensinanzas e Institucións.

b) Comisión de Asesoramento para a Avaliación do Profesorado.

c) Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI).

2. As comisións de Asesoramento para a Avaliación de Ensinanzas e Institucións e do Profesorado son órganos técnicos da Anaca nos seus respectivos ámbitos de avaliación

e nelas participarán académicos de recoñecida competencia, estudantes universitarios, profesionais con coñecementos no ámbito da educación superior e investigadores.

O número máximo de membros titulares das comisións de Asesoramento para a Avaliación de Ensinanzas e Institucións e do Profesorado será de 12.

O procedemento de selección dos membros destas comisións será elaborado polo director, que o elevará ao Consello Reitor para a súa aprobación; os seus membros serán nomeados polo director da Anaca. Os presidentes destas comisións de asesoramento para a avaliación serán os directores das divisións correspondentes.

Entre as funcións das comisións estarán as de asesoramento na proposta de novos programas de avaliación por parte do director da Anaca, seguimento do desenvolvemento daqueles que lles competan, así como, naqueles programas cuxas normas reguladoras non prevexan comisións de reclamacións, informe dos recursos e reclamacións presentados fronte aos actos do director da Anaca, de conformidade coa normativa aplicable.

3. As comisións de acreditación reguladas no capítulo II do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, renderán contas da súa actuación á Anaca, que establecerá mecanismos de funcionamento interno e coordinación das comisións para garantir a coherencia no seu funcionamento e dos resultados das súas avaliacións. Cada comisión de acreditación comporase dun presidente, un secretario e entre cinco e once vogais titulares, e entre catro e seis vogais suplentes.

4. As comisións de revisión reguladas no capítulo IV do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, dependerán administrativamente da División de Avaliación do Profesorado. Cada comisión de revisión comporase dun presidente, un secretario técnico e entre seis e nove vogais titulares, e entre catro e seis vogais suplentes.

5. No nomeamento dos membros das distintas comisións de avaliación respectarase o principio de composición equilibrada recoñecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Sección 6.^a Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI)

Artigo 19. Funcións e organización da CNAAI.

1. A CNAAI é o órgano da Anaca responsable da avaliación da actividade investigadora para efectos do recoñecemento dos correspondentes complementos retributivos, de conformidade coa normativa aplicable.

2. Corresponde á CNAAI:

a) Realizar a avaliación da actividade investigadora dos profesores universitarios a que se refire o artigo 2.4 do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, así como a avaliación da actividade investigadora do persoal investigador funcionario de carreira ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, a que se refire o artigo 25 de Lei 14/2011, do 1 de xuño.

b) Aprobar os criterios de valoración e a análise do proceso avaliador para a súa mellora.

c) Resolver sobre a concesión ou denegación dos tramos de investigación sometidos a avaliación. Para estes efectos, poderá asumir o resultado das avaliacións contidas nos informes dos comités asesores. No caso de que os ditos informes non sexan asumidos pola CNAAI, deberanse incorporar á resolución correspondente os motivos que a levaron a se apartar dos referidos informes.

d) Orientar os criterios da avaliación científica.

e) Aprobar a memoria anual.

f) Determinar o número de campos científicos, a súa denominación e as áreas adscritas a eles.

g) Aprobar ou rexeitar a proposta de nomeamentos dos presidentes e vogais especialistas membros dos comités asesores, así como, se for o caso, de expertos.

3. A CNAAI estará presidida polo director da Anaca. O vicepresidente será a persoa titular da Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. A CNAAI estará formada por un representante designado por cada unha das comunidades autónomas con competencia en materia de universidades e/ou investigación, e rango de, ao menos, director xeral. Así mesmo, formarán parte da CNAAI doce académicos e investigadores, que serán designados pola persoa titular da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades. Actuará como secretario da CNAAI o director da División de Avaliación do Profesorado da Anaca, quen será tamén membro de pleno dereito.

4. A CNAAI solicitará o asesoramento dos membros da comunidade científica a través de comités asesores, por campos científicos.

A proposta de membros dos comités asesores será realizada polo director da Anaca, oído o Consello de Universidades, entre investigadores de prestixio que, en caso de ser españois, teñan recoñecidos, ao menos, tres tramos de investigación.

A CNAAI poderá constituír até 15 comités asesores. Cada comité asesor comporase dun presidente e entre dous e nove vogais.

Artigo 20. *Funcionamento da CNAAI.*

1. Os doce académicos e investigadores membros da CNAAI emitirán informe sobre os recursos de alzada en relación coas solicitudes de avaliación da actividade investigadora.

Así mesmo, con carácter bienal, e tras solicitar o asesoramento dos comités dos diferentes campos científicos, presentaranlle á CNAAI unha proposta de criterios específicos para a avaliación da actividade investigadora. A CNAAI, a través do seu presidente, elevará a proposta á Secretaría de Estado competente en materia de universidades, para a súa posterior publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Os actos da CNAAI formalízanse mediante acordos, que se adoptarán por maioría dos asistentes. En caso de empate, dirimirá o voto do presidente.

3. Os recursos de alzada deberán ser resoltos polo director da Anaca.

CAPÍTULO IV

Réxime económico-financieiro

Artigo 21. *Recursos económicos.*

1. Os recursos económicos da Anaca poderán provir das seguintes fontes:

a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.
b) Os produtos e rendas do dito patrimonio.
c) As consignacións específicas asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
d) As transferencias correntes ou de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.

e) As achegas voluntarias, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados e outros ingresos que se concedan ou outorguen ao seu favor por calquera persoa pública ou privada, ou persoas físicas, españolas ou estranxeiras.

f) As taxas e outros ingresos públicos dimanantes da súa actividade.

g) Os ingresos propios, ordinarios e extraordinarios, que estea autorizada a percibir, incluídos os derivados por prestación de servizos, como contraprestación polas actividades que poida realizar en virtude de convenios, contratos, encomendas de xestión ou por disposición legal, para outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, ou para persoas físicas.

h) Calquera outro recurso económico, ordinario ou extraordinario, que legalmente poida corresponderlle ou poida serlle atribuído.

2. Os ingresos e os pagamentos que realizará a Anaca faranse a través da conta que manteña, ben no Banco de España ben noutras entidades de crédito, para cuxa apertura se precisará autorización previa da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

Artigo 22. *Réxime económico-financeiro.*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro e de contabilidade da Anaca será o establecido para os organismos autónomos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e demais disposicións vixentes na materia.

2. Sen prexuízo das competencias de fiscalización atribuídas ao Tribunal de Contas, o control da xestión económico-financeira da Anaca corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado e exercerase baixo a modalidade de control financeiro permanente, nas condicións e nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro, a través da Intervención Delegada na Anaca que dependerá funcional e organicamente da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. A Anaca estará sometida a un control de eficacia, exercido polo ministerio competente en materia de universidades, que terá como finalidade comprobar o grao de cumprimento dos seus obxectivos e a adecuada utilización dos recursos asignados, sen prexuízo do control establecido ao respecto pola Lei 47/2003, do 26 de novembro.

Artigo 23. *Contratación.*

O réxime xurídico aplicable á contratación da Anaca será o establecido para as administracións públicas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24. *Contas anuais.*

1. Nos termos que se establecen na Lei 47/2003, do 26 de novembro, as contas anuais da Anaca formularaaas o seu director, quen as elevará ao Consello Reitor para a súa aprobación no prazo de tres meses desde o peche do exercicio económico. Unha vez auditadas estas contas pola Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, informarse delas ao Consello Reitor, así como do informe da auditoría correspondente.

2. A rendición de contas corresponde ao director da Anaca. As contas remitiranse a través da Intervención Xeral da Administración do Estado ao Tribunal de Contas para a súa fiscalización, dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico.

3. Sen prexuízo da publicación das contas anuais a que fai mención o artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, as contas anuais faranse públicas mediante a súa inclusión no informe xeral de actividade da Anaca.

CAPÍTULO V

Réxime patrimonial

Artigo 25. *Réxime patrimonial.*

1. O réxime patrimonial da Anaca será o establecido no presente estatuto, con suxeición en todo caso ao establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro.

2. Ademais dos bens que integren o seu propio patrimonio, a Anaca poderá contar cos bens patrimoniais de titularidade pública cuxa adscrición acorden a Administración xeral do Estado ou outras administracións públicas, de conformidade co disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, que conservarán a cualificación xurídica orixinaria e que unicamente poderán ser utilizados para o cumprimento dos seus fins. Corresponderalle á Anaca a súa utilización, administración e cantas prerrogativas referentes ao dominio público e aos bens patrimoniais do Estado estean legalmente establecidas.

3. Integran o patrimonio propio da Anaca o conxunto de bens e dereitos de que sexa titular. A Anaca poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos no ordenamento xurídico.

4. A Anaca formará e manterá actualizado o inventario dos seus bens e dereitos, coa única excepción dos de carácter funxible. O inventario revisarase, se for o caso, anualmente con referencia ao 31 de decembro e incluírase no balance que se incorpore á conta anual do organismo.

CAPÍTULO VI

Recursos humanos

Artigo 26. *Réxime de persoal.*

1. O persoal da Anaca réxese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e polo texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

2. Con carácter xeral, os postos de traballo da Anaca serán desempeñados por persoal funcionario público. O persoal funcionario e laboral da Anaca rexerese pola normativa sobre función pública e lexislación laboral aplicable ao resto do persoal da Administración xeral do Estado.

Artigo 27. *Ordenación de postos de traballo.*

A Anaca propondrá aos órganos competentes, a través do ministerio de adscrición, a súa relación de postos de traballo (RPT). A proposta de RPT será elaborada polo director da Anaca e deberá recoller as especificidades dos postos e o réxime de dedicación que permita cubrir as tarefas necesarias para o cumprimento das finalidades da Anaca.

CAPÍTULO VII

Réxime xurídico

Artigo 28. *Resolucións e actos administrativos e réxime de impugnación.*

1. Os actos ditados polos órganos da Anaca no exercicio de potestades administrativas teñen a consideración de actos administrativos.

2. A Anaca ditará as normas internas necesarias para o cumprimento do seu obxecto e para o seu funcionamento, a través de resolucións, instrucións e circulares do director.

3. Os actos e resolucións do director da Anaca porán fin á vía administrativa e fronte a eles poderá interperse recurso potestativo de reposición, ou impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo do réxime de reclamacións que a normativa reguladora dos diferentes procedementos poida establecer.

4. Fronte aos actos e resolucións doutros órganos da Anaca distintos do director poderá interperse recurso de alzada, que deberá ser resolto polo director da Anaca.

5. Corresponde á persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial seguidos por actuacións do organismo, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 29. *Información e confidencialidade.*

1. A Anaca, no exercicio das súas actividades, sométese á normativa de protección de datos de carácter persoal, en particular á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ás disposicións que a desenvolven.

2. Para a elaboración de ficheiros e bases de datos, a Anaca poderá solicitar a colaboración e o apoio das comunidades autónomas, as universidades, os organismos públicos de investigación e outros organismos de investigación, e doutras administracións públicas, e contar coa información necesaria que as ditas institucións e organismos lle faciliten, para os efectos de poder exercer as funcións que lle corresponden, de acordo con este estatuto.

Artigo 30. *Asistencia xurídica.*

De conformidade co previsto na Lei 52/1997, do 27 de novembro, o asesoramento xurídico da Anaca será desempeñado pola Avogacía do Estado no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ou do departamento competente en materia de universidades.